



XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE AVOGADOS DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR GRATUÍTA DURANTE O ANO 2020 EN OURENSE.

Santiago de Compostela, a.....de.....de 2020

REUNIDOS

D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, que actúa en representación da Xunta de Galicia de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

D^a María Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que actúa en representación do mesmo, de conformidade co disposto no artigo 31 dos seus estatutos, aprobados en Xunta Xeral de Colexiados o 8 de abril de 2008, e modificados en asembleas de data 21 de decembro de 2010, 11 de decembro de 2012 e 10 de decembro de 2013.

D^a Pilar López-Guerrero Vázquez, decana do Colexio de Avogados de Ourense, que actúa en representación deste, de conformidade co disposto no artigo 40 dos seus estatutos, aprobados pola Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local de data 1 de setembro de 2004 (DOG nº 176, do 9 de setembro)

As partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

Primeiro. Todos os órganos e entidades participantes neste convenio teñen interese común na promoción e desenvolvemento da mediación como vía complementaria de solución de conflitos que pon ao alcance das partes implicadas novas ferramentas que lles permitan lograr solucións satisfactorias ás súas pretensións.

Segundo. As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas, así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao amparo do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e do disposto no



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Terceiro. Á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desjudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o artigo 17.3.i) do Decreto 74/2018, de 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, en virtude da disposición transitoria segunda do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social, consonte o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten asumidas entre as súas competencias a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e, en concreto, as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar e do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

Quinto. De acordo co artigo 7.3 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia poderá celebrar convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos colexiados.

Sexto. Con data 27 de abril de 2015 o Consello Xeral do Poder Xudicial e entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, órgano competente en materia de xustiza, asinaron un Convenio Marco de Colaboración para o impulso da mediación e doutras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e/ou complementaria ao proceso xudicial, apostando por un modelo de administración de xustiza que incorpore plenamente a mediación, ou calquera outro sistema de resolución pacífica de conflitos, como alternativa ou complemento ao proceso xudicial, co fin de procurar unha xestión mais eficaz, rápida e satisfactoria do mesmo e de garantir o acceso á xustiza, entendido como un dereito fundamental.

O citado Convenio Marco establece a creación de mecanismos de comunicación entre ambas as partes que permitan un intercambio fluído de información e faciliten un axeitado coñecemento dos recursos dos que dispón cada parte e do seu funcionamento, axilizando ademais a súa xestión, coa finalidade de mellorar o aproveitamento tanto dos servizos xudiciais coma dos de mediación e restantes instrumentos de resolución pacífica de conflitos, contribuíndo a unha maior difusión e sensibilización social

Sétimo. As partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos, e máis concretamente para o ámbito familiar como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar), que tratará de que atopen por si mesmas un acordo duradeiro e mutuamente aceptable considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos/as nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

compartida e de igualdade dos proxenitores.

A mediación como procedemento pode dar solución extraxudicial dun modo áxil e eficaz aos conflitos mediante procedementos adaptados ás partes. Nesta liña se pronuncia a Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, do 21 de maio de 2008, sobre certos aspectos da mediación en asuntos civís e mercantís, que no seu artigo 3 a define como un procedemento estruturado, sexa cal sexa o seu nome e denominación, no que dúas ou máis partes en conflito tentan voluntariamente alcanzar por si mesmas un acordo sobre a resolución do seu litixio coa axuda dun mediador, procedemento que pode ser iniciado polas partes, suxerido ou ordenado por un órgano xurisdiccional ou prescrito polo Dereito dun Estado membro.

Neste sentido considérase que a mediación Intraxudicial, aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado, resultaría ser unha metodoloxía adecuada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos en que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por teren intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos/as menores.

Oitavo. Para dotar da maior eficacia o proceso de mediación no ámbito intraxudicial, considérase que se debe prestar a través dun equipo multidisciplinar integrado por xuristas e psicólogos que poidan resolver os problemas de achegamento e enfoque das partes en conflito, con vistas a acadar o clima necesario para achegar posturas e facilitar acordos.

É por iso que para implantar o programa de mediación intraxudicial en Ourense, tendo en conta a especificidade das actuacións que comporta e os requisitos da figura do mediador recollidos tanto na Lei 4/2001, do 31 de maio, de mediación familiar de Galicia, como no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, relativos á obrigatoriedade da inscrición no colexio profesional correspondente así como da inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, resulta imprescindible a colaboración tanto do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coma do Colexio de Avogados de Ourense, que están a desenvolver adecuadamente a difusión e formación en mediación e contan coas garantías derivadas da súa estrutura colexial e do control administrativo do cumprimento dos requisitos antes mencionados, circunstancias que xustifican acudir á firma dun convenio de colaboración e fan que non sexa posible promover a concorrencia pública para a concesión dunha subvención para este fin.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Consellería de Política Social, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial familiar gratuíta en Ourense, mediante o financiamento para a constitución dun equipo de mediación composto por un/unha psicólogo/a e un/unha avogado/a (así como os/as respectivos/as suplentes para supostos de incompatibilidade e incapacidade),



Xacobeo 2021





que serán designados/as polos respectivos colexios mensualmente.

Segunda. Protocolo de actuación.

A mediación é unha institución baseada na autonomía da vontade, na medida en que son as partes en conflito as que teñen que demandar, por libre iniciativa, a actuación dunha persoa mediadora; partes que poderán, unha vez iniciada a actuación mediadora, manifestar en calquera momento a desistencia á mediación requirida.

A actuación para a mediación, que en todo caso respectarán as normas contidas nas leis procesuais, comprenderá:

a) Actuación dos xulgados de primeira instancia implicados no programa:

A mediación intraxudicial nos procesos de familia realizarase de conformidade co disposto no protocolo de derivación adoptado na xunta sectorial de xuíces de primeira instancia de Ourense o día 29 de xuño de 2010, informado favorablemente pola fiscalía da área de Ourense no que se refire aos supostos de familia.

Os xuíces, ou os letrados da Administración de xustiza, se é o caso, avaliarán os casos concretos nos que polas súas características específicas resulta recomendable tentar un proceso de mediación, informarán ás partes acerca da existencia deste servizo de mediación e das posibilidades que lles ofrece e derivaranas cara á mediación, coa recomendación de que asistan tan sequera á sesión informativa, que deberá realizarse preferentemente no centro no que se desenvolva a mediación.

Para tal efecto, deberanse aparelar os medios necesarios que permitan garantir a inmediata citación das persoas interesadas, valorándose a utilidade de crear axendas únicas informáticas de uso compartido entre as oficinas dos xulgados e o servizo de mediación. Subsidiariamente arbitrase a máis inmediata comunicación telefónica ou mediante fax.

Os/As letrados/as das partes poderán asistir ao inicio desta reunión informativa co obxecto de recibir do equipo de mediación toda a información que necesiten e aclarar calquera dúbida sobre o desenvolvemento do proceso.

O xulgado remitirá ao equipo de mediación toda a información necesaria para o desenvolvemento axeitado da mediación: identificación do xulgado, número de autos, tipo de procedemento, identificación das persoas participantes e teléfonos de contacto, número de fillos/as e idades, así como información sobre a suspensión ou non do proceso xudicial iniciado.

b) Actuación dos colexios oficiais:

O Colexio de Avogados de Ourense designará mensualmente as persoas mediadoras que cumpran os requisitos previstos na Lei 4/2001, do 31 de maio, e no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, e ademais figuren inscritas no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia. Para tal efecto, na primeira quincena de cada mes designará aquelas persoas mediadoras que van estar dispoñibles no mes seguinte para atender





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

as mediacións que deriven os xulgados de familia.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, designará ás persoas integrantes do equipo de mediación intraxudicial (tanto titulares como suplentes) utilizando un sistema rotatorio de xeito que cada seis meses se deberán designar aquelas persoas mediadoras que van estar dispoñibles para atender as mediacións que deriven os xulgados de familia. Os requisitos esixidos e o procedemento de selección recóllense nos Regulamentos de Réxime Interior do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pero, en todo caso, para formar parte do equipo de mediación será necesario que a persoa mediadora cumpra os requisitos previstos na Lei 4/2001, do 31 de maio, e no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, e ademais figure inscrita no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e acredite un mínimo de dous meses de experiencia en mediación familiar.

Así e todo, unha vez iniciado un proceso de mediación, este será impulsado polo mesmo equipo ata a súa finalización.

Os requisitos e o procedemento de nomeamento e selección das persoas mediadoras serán competencia dos correspondentes colexios profesionais.

Na formalización da prestación coas persoas seleccionadas, os colexios profesionais farán constar expresamente o necesario cumprimento do establecido nas cláusulas terceira, cuarta, oitava, novena e décima do presente convenio no que se refire aos horarios e duración do proceso de mediación, aos principios esenciais do proceso e mais ás incompatibilidades dos profesionais, os seus compromisos e a súa baixa.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia.

Terceira. Horarios, honorarios e duración do proceso de mediación.

O equipo de mediación desenvolverá o seu labor, como mínimo, durante dous días á semana.

Os/As profesionais que desenvolvan as actuacións de mediación recibirán dos colexios profesionais unha retribución mensual por un montante fixo, con independencia do número de procesos de mediación atendidos.

Co obxecto de conseguir a maior eficacia, establécese unha duración non superior a un mes para o proceso de mediación, que se computará desde a celebración da primeira sesión co equipo mediador unha vez aceptada a mediación, sen prexuízo da posibilidade de prórroga á instancia das partes, de forma xustificada, por un mes máis. Excepcionalmente, podería establecerse unha prórroga por un prazo superior cando se xustifique debidamente.

En todo caso o proceso de mediación non poderá exceder os tres meses.



Xacobeo 2021





Cuarta. Principios esenciais do proceso de mediación.

O proceso de mediación rexerase polos seguintes principios:

- **Voluntariedade.** Respetarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

- **Confidencialidade.** Toda información obtida no transcurso da mediación estará afectada polo deber de segredo e polo seu carácter confidencial, estando en consecuencia tanto as partes coma as persoas que forman parte dos equipos de mediación obrigadas a manter reserva sobre o desenvolvemento do procedemento negociador.

A información que se utilice no procedemento de mediación permanecerá reservada e unicamente se informará ao xulgado sobre a consecución ou non dun acordo. No caso de que a mediación non continúe, por desistir algunha das partes, unicamente se informará ao xuíz deste feito, que carecerá de toda incidencia no axuizamento posterior.

En todo caso, o equipo de mediación está obrigado a informar inmediatamente ao xuíz ou ao Ministerio Fiscal dos datos que puidesen revelar a existencia dunha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha persoa, ou de calquera feito delituoso.

- **Igualdade das partes.** Garantirase a plena igualdade e liberdade das partes, interrompéndose a mediación cando se advirta a existencia de calquera indicio de violencia ou de intimidación, ou calquera outra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acordos.** O equipo de mediación comunicará ao xulgado, para os efectos de constancia, a finalización da mediación, indicándolle se se alcanzou ou non un acordo –total ou parcial– ou se finalizou por calquera outra causa. Así mesmo, respectará o principio de confidencialidade do acordo de mediación e entregará un exemplar deste a cada unha das partes, reservando para si outro o mediador para a súa conservación.

As persoas do equipo de mediación informarán as partes de que poden instar a homologación xudicial do acordo alcanzado co obxecto de configuralo como un título executivo.

Concluída a mediación con éxito, o acordo de mediación servirá de base para a redacción do convenio regulador, conforme dispón a lexislación civil, que necesariamente haberá que presentar no procedemento correspondente de divorcio, separación ou relacións paternofiliais, ben na súa regulación inicial ou no seu ulterior proceso de modificación de medidas, no que se pedirá a súa transformación a mutuo acordo. En todo caso, o proceso deberá concluír por sentenza.





Quinta. Formación e capacitación dos/as profesionais.

Os colexios profesionais asinantes garantirán a formación e capacitación dos/as profesionais que integren o equipo de mediación, e exercerán o control e supervisión da actividade incluso a través da responsabilidade disciplinaria, conforme a lexislación na materia. Á súa vez, comprométense a impartir cursos e seminarios para conseguir suficientes profesionais formados en mediación familiar, co apoio da Consellería de Política Social.

Sexta. Importe e condicións de pago.

1. O investimento para o desenvolvemento do presente convenio é de vinte mil euros (20.000 euros) para o ano 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0, na que existe crédito adecuado e suficiente, segundo a Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 246, do 27 de decembro de 2019.

Do investimento total indicado, dez mil euros (10.000,00 €) proceden da contribución da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, cantidade previamente transferida á Consellería de Política Social..

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, tanto que sexan nacionais coma da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio é o 22 de decembro de 2020.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de modo indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no convenio. De acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

A Consellería de Política Social fará o pago da mencionada cantidade a cada un dos colexios do seguinte modo:

- ✓ Poderase facer un primeiro pagamento do 10% da contía total concedida, en concepto de anticipo,





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

unha vez asinado o convenio de colaboración.

- ✓ O resto da contía total concedida, ata alcanzar o 80%, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos e os pagos realizados.
- ✓ O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

Antes de facerse efectivo ningún pago, de conformidade co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cada colexio deberá acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma. No caso de que o solicitante denegue expresamente o seu consentimento para que o órgano xestor poda consultar e comprobar que se atopa ao corrente no cumprimento das ditas obrigas, deberá achegar os correspondentes certificados que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)

- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social

Canda a certificación final, cada colexio deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas (tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución) para este mesmo programa das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, cada colexio deberá presentar certificación xustificativa dos gastos e pagos realizados, acompañada das correspondentes facturas e xustificantes de pago, na que se reflicta que os gastos realizados e os correspondentes pagamentos foron iguais ou superiores á axuda concedida, certificando ademais que estas contías foron destinadas ao fin para o que se outorgaron.

De acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

As compensacións a cada colexio serán como máximo as seguintes:

- Ano 2020: 20.000 euros



Xacobeo 2021





> Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

8.400 euros en compensación polos gastos desenvolvidos no exercicio da actividade de mediación, máis 700 euros para gastos de mantemento do servizo de mediación, material funxible e gastos de divulgación. Total: 9.100 euros.

> Colexio de Avogados de Ourense:

10.200 euros en compensación polos gastos desenvolvidos no exercicio da actividade de mediación, máis 700 euros para gastos de mantemento do servizo de mediación, material funxible e gastos de divulgación. Total: 10.900 euros.

3. A Consellería de Política Social informará á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da relación de pagos efectuados ao final do exercicio económico.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao amparo do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda ao dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, incluíndo a realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, se é o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable supoñerá a perda do dereito ao cobro.

Sétima. Control.

O Colexio Profesional de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense someteranse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social lles poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, e en aplicación do artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, obríganse a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

A Consellería de Política Social poderá solicitar en calquera momento os documentos que estime oportunos para a debida xustificación do gasto.

En todo caso, o Colexio Profesional de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poderen ser beneficiarios das axudas, así como as obrigas establecidas no artigo 11 da mesma lei.

Unicamente para efectos estatísticos, os colexios informarán trimestralmente á Consellería de Política Social sobre os procedementos de mediación realizados polo equipo de mediación constituído, comunicando o número de mediacións realizadas, a duración de cada unha delas, o resultado final dos procedementos e os xulgados de procedencia.

Oitava. Incompatibilidades.

Serán motivos de incompatibilidade que obrigarán ás persoas que formen parte dos equipos de mediación a renunciar á realización da mediación, ademais dos previstos no artigo 6 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, que regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, e dos previstos no artigo 13 da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, os seguintes:

- a) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, ou cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociada con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- b) Intervir profesionalmente con anterioridade no asunto obxecto de mediación.
- c) Ter interese directo, de calquera tipo, no asunto obxecto da súa actuación, ou unha manifesta vinculación –directa ou indirecta– económica, laboral ou doutro tipo que poida comprometer a súa independencia profesional.
- d) Estar adscrita aos gabinetes de orientación familiar, aos servizos de familia e menores ou aos servizos de dependencia e autonomía persoal das xefaturas territoriais, á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, á Dirección Xeral de Inclusión Social, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ou á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.
- e) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

Novena. Compromisos dos/as profesionais.

Os/As psicólogos/as e avogados/as que formen parte do equipo de mediación comprométese, ademais de a cumprir as obrigas establecidas no artigo 5 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, a:

- a) Desenvolver o seu traballo de mediación con plena independencia e absténdose de intervir



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

profesionalmente, á marxe da función mediadora, tanto a título profesional coma particular, no proceso que sexa obxecto de mediación, ou de asesorar as persoas que se someteron á súa mediación, tanto en asuntos de familia como en calquera outro.

- b) Cumprir os requisitos de formación que para este efecto sexan esixidos polos colexios oficiais.
- c) Aceptar as encargas de mediación entre as partes nun proceso derivadas do protocolo de actuación previsto no convenio, non sendo que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recollidos, caso en que serán substituídos/as polo/a suplente.
- d) Cumprir os prazos establecidos no convenio en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.
- e) Coordinarse de forma adecuada co outro profesional integrante do equipo de mediación.
- f) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- g) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediadores.
- h) Enviar ao Consello Xeral do Poder Xudicial e á Consellería de Política Social, como mínimo con carácter semestral, a ficha de recollida de datos relativos aos procesos de mediación realizados.

Décima. *Baixa dos/as profesionais.*

Serán causas de baixa como integrantes das listas dos respectivos colexios profesionais, ademais da voluntaria, as seguintes:

- a) A perda da condición de colexiado/a.
- b) O incumprimento das condicións ou compromisos do convenio.
- c) A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- d) A actuación a sabendas da existencia de incompatibilidade.
- e) O rexeitamento inxustificado da realización das tarefas encomendadas.

Décimo primeira. *Confidencialidade da información e dos resultados.*

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas ao abeiro deste convenio de colaboración, con plena observancia da normativa aplicable en materia de protección de datos, e en particular, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro. De protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Non obstante, as partes no proceso mediador procederán á cumprimentación voluntaria dunha enquisa sobre o grao de satisfacción do servizo de mediación.

Igualmente comprométese a respectar os dereitos da cidadanía e das persoas interesadas en materia de protección de datos de carácter persoal e acceso á información previstos nos artigos 13 e 53 da Lei



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas.

Décimo segunda. Transparencia e bo goberno

Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo; polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo terceira. Información básica sobre datos de carácter persoal

Os datos recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

Así mesmo, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense serán responsables do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) aos efectos da súa debida comunicación.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento do convenio.

De conformidade co disposto no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, crearase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá ser suplido pola subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.
- O director xeral de Xustiza, que poderá ser suplido polo subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza.
- A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ou persoa que exerza a suplencia.
- A decana do Colexio de Avogados de Ourense, ou persoa que exerza a suplencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

A comisión reunirse de forma ordinaria cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia; e con carácter extraordinario cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes. Para tales efectos a comisión poderá requirir a presenza do equipo mediador.

Décimo quinta. Vixencia do convenio.

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2020; non obstante, abranguerá as accións obxecto do programa que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2020 (parte subvencional).

Décimo sexta. Natureza xurídica e cuestións litixiosas.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, e á falla destas, polo regulado na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Rexerase, así mesmo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño,



Xacobeo 2021





de subvencións de Galicia.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Correspóndelle á Administración a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Décimo sétima. Resolución do convenio.

Darán lugar á resolución do presente convenio as causas previstas no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as que a continuación se relacionan, segundo o establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, feito que motivará o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pago ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro:

- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables.

Décimo oitava. Obriga de cumprimento dos compromisos.

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

E en proba de conformidade con canto antecede e para a debida constancia, asíñase o presente convenio de colaboración por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Alfonso Rueda Valenzuela	Fabiola García Martínez
POLO COLEXIO DE ABOGADOS DE OURENSE	POLO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA





XUNTA DE GALICIA

 Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

Pilar López-Guerrero Vázquez	María Rosa Álvarez Prada



Xacobeo 2021

